

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FILLOS DE OURENSE, FUNDAOURENSE EN VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de Xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, que na súa maioría son galegos ou descendentes destes, que en consideración das especiais circunstancias deste colectivo e do país de residencia, precisan da atención da Xunta de Galicia para asegurar que os galegos residentes fóra de Galicia e os seus descendentes, poidan vivir nunhas condicións dignas, en especial a xente maior, sendo esta unha das liñas estratéxicas na actuación da Secretaría Xeral da Emigración.

Fundaourense é unha entidade que ten a misión de mellorar a calidade de vida dos españois e as súas familias en situación de saúde e economía precaria. Fundaourense ante a inexistencia real e operativa de mecanismos de cobertura socio sanitaria en Venezuela motivada pola crese socioeconómica que sofre, asumiu coma actividade primordial da súa actuación a prestación de atención sociosanitaria ás persoas emigrantes galegas e aos seus descendentes residentes en Caracas.

Fundaourense traballa incansablemente na axuda en materia de saúde aos que máis o precisan dentro do colectivo de emigrantes galegos en Venezuela mediante accións de asistencia social, ambulatoria, médica, domiciliaria e hospitalaria, farmacéutica, protección á infancia e actuacións en prevención sanitaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Este convenio ten o obxecto de establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes do presente convenio, para o finaciamento dun programa de atención sanitaria, farmacéutica e socio asistencial, nas condicións establecidas no Sistema Sanitario Público de Venezuela, que se atopen en situación de exclusión socio asistencial, de falta de cobertura real de asistencia sanitaria ou de prestación farmacolóxica, especialmente ós ingresados ou atendidos en residencias ou centros de acollida.



A Secretaría Xeral da Emigración, para colabora no financiamento das actividades a que se refire o presente convenio, aportará a contía máxima de sesenta mil euros (60.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 34.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, coa que contribuirá aos gastos de financiamento das actividades que desenvolve a Fundación.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

